

# CURSO PRÁCTICO

## **ELABORACIÓN DE ARTIGOS CIENTÍFICOS E SISTEMATIZACIÓN DE EXPERIENCIAS**

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

|                               |   |
|-------------------------------|---|
| 1) Resumo do curso.....       | 2 |
| 2) Fundamentación.....        | 4 |
| 3) Obxectivos.....            | 4 |
| 4) Contidos formativos.....   | 4 |
| 5) Persoas destinatarias..... | 4 |
| 6) Calendario .....           | 5 |
| 7) Metodoloxía.....           | 5 |
| 8) Avaliación .....           | 6 |
| 9) Docencia .....             | 6 |

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

## 1.RESUMO DO CURSO



25 horas



Online + videoconferencia



Do 18 de abril ao 27 de maio de 2022.



**Prezo**

**Colexiados/as e**

**Precolexiados/as:** 10€

## 2. FUNDAMENTACIÓN

A **transferencia social do coñecemento** é de gran relevancia para a disciplina de Traballo Social. O escribir e dar a coñecer as experiencias dos procesos cos que traballamos, como o expón Jara (2019) permite non só informar senón tamén, transformar e enriquecer devanditos procesos. Así, o propósito deste curso é motivar a importancia da sistematización de experiencias en Traballo Social e brindar **ferramentas básicas** para a elaboración e **presentación dun artigo científico** ou de divulgación.

Entre os **beneficios /vantaxes** da publicación de artigos científicos, poden observarse:

- A publicación de traballos científicos e de investigación é un **mérito puntuable** no acceso a postos de traballo de determinadas Administracións Públicas (SERGAS, por exemplo).
- Axuda a xestar un **criterio propio**, incrementa a autoestima, fortalece a **confianza do investigador/a**, alimenta ou desexo de seguir investigando e publicando.

- Fomenta o recoñecemento do investigador/a como un **experto no seu campo científico**, engadindo credibilidade á súa reputación.
- **Aproveitamento do coñecemento** producido por outros investigadores/ as.
- Contribúe á **construción colectiva do coñecemento** e propulsa o descubrimento científico.

En Galicia, o Colexio Oficial de Traballo Social ven editando a revista **Fervenzas**, desde 1997.



## REVISTA FERVENZAS

Fervenzas é a revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia.

Os traballos son publicados atendendo ao seu interese ou o seu valor científico e/ou profesional. Teñen prioridade aqueles artigos que respondan a outros xa aparecidos en números anteriores da revista, ou aqueles que sexan continuación dalgunha temática de interese.

As seccións nas se encadran os traballos son:

- **Artigos:** Investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.
- **En rede:** Presentación descritiva dun equipamento, programa, servizo, asociación, etc.
- **Entrevista:** Entrevista a persoeiros de especial interese para o Traballo Social.
- **Comentario de publicacións:** Comprende comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... En definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Traballo Social.
- **Espazo aberto:** Comentarios de documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Traballo Social, etc.
- **Reseña de investigación social:** Fichas-resumo de teses.

### 3. OBXECTIVOS

- Motivar a importancia da sistematización de experiencias en Traballo Social.
- Poñer en práctica ferramentas básicas para a elaboración e presentación dun artigo científico.

### 4. CONTIDOS FORMATIVOS

#### Módulo 1. Introducción e presentación do curso

- A sistematización de experiencias en Traballo Social.
- A investigación e as súas metodoloxías.
- Vantaxes da investigación e publicación de artigos en Traballo Social.
- A Revista Fervenzas do COTSG.

#### Módulo 2. Introducción á publicación científica e divulgadora

- Revistas e bases de datos.
- Partes dun artigo científico.
- Estratexias para a redacción e envío do manuscrito.

### 5. PERSOAS DESTINATARIAS

**Persoas colexiadas e precolexiadas no COTSG** con interese na investigación e na difusión das súas experiencias a través de revistas especializadas.

## 6. CALENDARIO

A duración do curso é de 25 horas. Desenvolverase desde o 18 de abril ao 27 de maio de 2022.

Nas dúas primeiras semanas abordaranse os contidos teóricos de cada módulo, deixando as outras 4 semanas para o avance da escritura e proposta do artigo. Nese tempo, realizarase un acompañamento tutorial persoalizado segundo o requiran as persoas participantes.

| VIDEOCONFERENCIAS | DATAS      | HORARIO     |
|-------------------|------------|-------------|
| Sesión 1          | 20/04/2022 | 16:30-18:30 |
| Sesión 2          | 27/04/2022 | 16:30-18:30 |

## 7. METODOLOXÍA

Este curso realizarase a través da plataforma de teleformación de Moodle do COTSG. En cada módulo farase unha introdución dos contidos por medio de vídeo conferencia (2 sesións, en total).

As persoas participantes atoparán os contidos de cada módulo que se desenvolverán con lecturas de apoio. Ao rematar o curso, o alumnado deberá entregar un traballo en cada módulo:

- Traballo do primeiro módulo: **Proposta de investigación**. Constará dunha proposta de investigación razoada para tratar de afondar na comprensión dalgunha boa práctica ou problemática do ámbito do traballo social.
- Traballo do segundo módulo: **Proposta de artigo**. En base á estrutura típica dun artigo proporase un primeiro borrador para a redacción dun artigo. Nun primeiro exercicio revisaranse os textos e devolveranse propoñendo posibles melloras en base a unha rúbrica simulando un envío a unha revista. O traballo final deberá ser reenviado respondendo ás suxerencias da revisión. Os/as participantes que o desexen e cuxo traballo cumpra os criterios mínimos serán **suxeridos para ser publicados na revista Fervenzas** do COTSG.

## 8. AVALIACIÓN

En cada módulo as/os participantes realizarán o respectivos **tests**, que valorarán as aprendizaxes obtidas e para finalizar o curso o alumnado deberá entregar os **dous traballos**, un por cada módulo. Os traballos serán **titorizados polos docentes** e será indispensable que o alumnado os entregue para superar o curso.

## 9. DOCENCIA

### **Diana Morela Escobar Arias**

Traballadora Social con doutoramento en educación e mestría en investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario pola Universidade de Santiago de Compostela, España. Forma parte do grupo SEPA- Interea de investigación de Pedagogía Social e Educación Ambiental da mesma universidade. As súas liñas de investigación son pedagogía social, estudos de xénero, educación e desenvolvemento comunitario.

### **Antonio García Vinuesa**

Enxeñeiro en Telecomunicacións e Doutor en Educación. Conta con numerosas publicacións en revistas de impacto. Formouse como revisor na plataforma académica de Web of Science, Publons e Elsevier, especializándose como revisor e realizando traballos en diversas revistas nacionais e internacionais. Forma parte do grupo de investigación SEPA- Interea da Universidade de Santiago de Compostela.

## COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)